

### 1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

**PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS, CONVOCATORIA 2019,  
(PROCEDEMENTO TR341Q)**

### 2. FINALIDADE / OBXECTIVO

ESTAS BASES TEÑEN POR OBXECTO FIXAR OS CRITERIOS E REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### 3. TIPOS DE APOIO

TEÑEN A CONSIDERACIÓN DE RÉXIME DE **CONCORRENCIA COMPETITIVA** SUXEITAS AO RÉXIME DE **MINÍMIS**

### 4. BENEFICIARIOS

PERSOAS AUTÓNOMAS QUE ESTÉN DE ALTA NO RETA OU EN MUTUALIDADE DE COLEXIO PROFESIONAL, QUE TEÑAN DOMICILIO FISCAL EN GALICIA, QUE TEÑAN UNHA ANTIGÜIDADE NA REALIZACIÓN EFECTIVA DUNHA ACTIVIDADE EMPRESARIAL OU PROFESIONAL ININTERROMPIDA NA DATA DE SOLICITUDE DA AXUDA POR UN PRAZO SUPERIOR A 42 MESES E QUE TEÑAN UN RENDEMENTO NETO REDUCIDO DOS RENDEMENTOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DECLARADOS NA DECLARACIÓN DO IRPF ANUAL INFERIOR A 30.000 EUROS E UNHA FACTURACIÓN MÍNIMA ANUAL DE 12.000 EUROS IVE INCLUÍDO, DECLARADOS NO ANO ANTERIOR AO DA CONVOCATORIA. AS SOCIEDADES DE CALQUERA CLASE E COMUNIDADES DE BENS CON DOMICILIO FISCAL EN GALICIA QUE CUMPRAN OS SEGUINTES REQUISITOS:

- TER UNHA PERSOA AUTÓNOMA SOCIETARIA CUNHA ANTIGÜIDADE NA REALIZACIÓN EFECTIVA DUNHA ACTIVIDADE EMPRESARIAL OU PROFESIONAL DE MANEIRA ININTERROMPIDA NA DATA DE SOLICITUDE DA AXUDA POR UN PRAZO SUPERIOR A **42 MESES**
- TER A EMPRESA UNHA FACTURACIÓN **MÍNIMA ANUAL DE 12.000 EUROS IVE INCLUIDO**, NA ÚLTIMA DECLARACIÓN REALIZADA
- TER A EMPRESA UNHA BASE IMPOÑIBLE NO IMPOSTO DE SOCIEDADES DA ÚLTIMA DECLARACIÓN REALIZADA **INFERIOR A 30.000 EUROS**. No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas de actividades económicas declaradas no IRPF.

**QUEDAN EXCLUIDOS DESTAS AXUDAS:**

- OS FAMILIARES QUE DE MANEIRA HABITUAL REALIZAN TRABALLOS PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMOAS OU MUTUALISTAS DE COLEXIO PROFESIONAL E QUE NON TEÑAN A CONDICIÓN DE TRABALLADORES POR CONTA ALLEA
- AS PERSOAS QUE COBRASEN A AXUDA DO BONO DE PERSOAS AUTÓNOMAS NALGUNHA DAS ANTERIORES CONVOCATORIAS

**5. SECTORES INCENTIVABLES****AUTÓNOMOS****6. INVERSIÓN E GASTOS COMPUTABLES****LIÑA 1: MELLORA DA COMPETITIVIDADE A TRAVÉS DOS SEGUINTE SERVIZOS:**

- INVESTIGACIÓN DE MERCADO.
- PLAN DE MARKETING
- PLAN DE COMUNICACIÓN DE NEGOCIO
- PLAN ESTRATÉXICO DO NEGOCIO
- PLAN DE CRECEMENTO: CONSTITUCIÓN SOCIEDADE
- PLAN DE REORIENTACIÓN DO NEGOCIO
- PLAN DE USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS NO NEGOCIO
- PLAN DE REFINANCIAMENTO
- OUTROS ESTUDOS OU PLANS QUE TEÑAN COMO FINALIDADE AUMENTAR A COMPETITIVIDADE DA EMPRESA. Tamén poderá ser computable como gasto subvencionable o pagamento do imposto do cofinanciamento privado dos servizos contratados co Igape a través do programa RE-Acciona na súa convocatoria para o exercicio 2019 e sucesivas por parte das persoas traballadoras autónomas.

**LIÑA 2: MELLORA DA COMPETITIVIDADE A TRAVÉS DOS SEGUINTE INVESTIMENTOS:**

- COMPRA DE MAQUINARIA
- COMPRA DE ÚTILES E FERRAMENTAS
- REFORMA DO LOCAL DO NEGOCIO
- EQUIPOS INFORMÁTICOS
- RÓTULOS
- APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E PÁXINAS WEB
- CREACIÓN DO LOGOTIPO DO NEGOCIO
- MOBILIARIO

AS LIÑAS 1 E 2 NON SON EXCLUÍNTES, NIN ENTRE ELAS NIN ENTRE OS DISTINTOS SERVIZOS E INVESTIMENTOS QUE AS CONFORMAN. ATENDERASE EN PRIMEIRO LUGAR A LIÑA 1 E DESPOIS A LIÑA 2 SEMPRE CO LÍMITE MÁXIMO DE 3.000 EUROS DE AXUDA POLO CONXUNTO DE ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

**NO CASO DE REFORMA DE LOCAL, EXCLÚESE DA AXUDA O DOMICILIO HABITUAL DA PERSOA TRABALLADORA, EXCEPTO NO CASO EN QUE QUEDE ACREDITADO QUE É IMPRESCINDIBLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DO NEGOCIO SERÁN SUBVENCIONABLES OS GASTOS REALIZADOS DENDE O DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DESTA ORDE E DURANTE O PERÍODO SUBVENCIONABLE E ATA O PRAZO MÁXIMO DE XUSTIFICACIÓN QUE MARQUE A RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN OU EN TODO CASO, ATA O 31 DE DECEMBRO DESTE ANO.**

NON SON GASTOS SUBVENCIONABLES OS IMPOSTOS INDIRECTOS OU O IVE CANDO SEXAN SUSCEPTIBLES DE RECUPERACIÓN OU COMPENSACIÓN. OS INVESTIMENTOS DEBEN SER CONTRATADOS CON PROVEDORES QUE SE ADIQUEN Á ACTIVIDADE OBXECTO DE SUBVENCIÓN

#### **7. CONTÍA DAS AXUDAS.**

**SUBVENCIÓN MEDIANTE PAGAMENTO ANTICIPADO, DUN 80% DA ACTIVIDADE QUE SE SUBVENCIONE CUN LÍMITE MÁXIMO DE 3.000 EUROS DE AXUDA POLO CONXUNTO DE ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES, SENDO O RESTO DO GASTO POR CONTA DO BENEFICIARIO.**

Coa aceptación da subvención realizarase o pagamento anticipado do 100% do importe da subvención concedida

#### **8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES SERÁ DUN MESES A CONTAR DENDE O DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DA ORDE, ENTENDÉNDOSE COMO ÚLTIMO DÍA DO PRAZO O CORRESPONDENTE AO MESMO ORDINAL DO DÍA DA PUBLICACIÓN: O PRAZO REMATA POIS O 2 DE AGOSTO DO 2019.** A aplicación informática da sede electrónica estará dispoñible dende as 9.00 horas do día seguinte á súa publicación no DOG, ata as 23.59 horas do día de remate do prazo.

**AS SOLICITUDES PRESENTARANSE OBRIGATORIAMENTE VÍA ELECTRÓNICA A TRAVÉS DO FORMULARIO NORMALIZADO DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA:**  
<https://sede.xunta.gal>

As notificacións tamén se levarán a cabo vía electrónica: a través do sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal., dispoñible a través da sede electrónica da xunta de Galicia.

**9. INCOMPATIBILIDADES**

EN NINGÚN CASO O IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO ABEIRO DESTA ORDE, PODERÁ SER DE TAL CONTÍA QUE, ILLADAMENTE OU EN CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIÓNS, AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS, CONCEDIDOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, DA UNIÓN EUROPEA OU DE ORGANISMOS INTERNACIONAIS, SUPERE O 80% DO CUSTO DA ACTIVIDADE QUE VAIA A DESENVOLVER A PERSOA BENEFICIARIA.

AS AXUDAS DESTA ORDE SERÁN INCOMPATIBLES COAS AXUDAS QUE POLOS MESMOS CONCEPTOS E GASTOS POIDAN OUTORGAR AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, AGÁS AS OUTORGADAS POLO IGAPE DENTRO DO PROGRAMA RE-ACCIONA 2019

ESTA AXUDA É INCOMPATIBLE NOS MESMOS CONCEPTOS DE AXUDA COAS SUBVENCIÓNS PARA A DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EMPRESAS COMERCIAIS E ARTESANAIS CONVOCADAS PARA O ANO 2019..

**10. REFERENCIA LEGISLATIVA**

**ORDE DO 19 DE XUÑO DO 2019 (DOG 2 XULLO 2019)**

**11. INFORMACIÓN TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN**

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA CORRESPONDENTE POR RAZÓN DO TERITORIO SEGUNDO A LOCALIZACIÓN DO DOMICILIO FISCAL DO INTERESADO

**12. OBSERVACIÓN****DOCUMENTACIÓN SOLICITUDE:**

- MODELO NORMALIZADO SOLICITUDE QUE FIGURA COMO ANEXO I DESTA ORDE, DISPOÑIBLES NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA
- CANDO SE ACTÚE MEDIANTE REPRESENTACIÓN, PODER SUFICIENTE DA PERSOA REPRESENTANTE PARA ACTUAR EN NOME DA PERSOA REPRESENTADA
- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE PRESTADORA DO SERVIZO NA CAL CONSTE A SÚA IDONEIDADE PARA A SÚA PRESTACIÓN E O CONTIDO DA DITA PRESTACIÓN PARA AXUDAS DA LIÑA 1
- NO CASO DE ESTAR REALIZADO O SERVIZO OU FEITO O INVESTIMENTO, FACTURAS E O SEU CORRESPONDENTE XUSTIFICANTE BANCARIO DE PAGAMENTO; DE NON SER ASÍ: FACTURA PRO FORMA
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO VOLÚME DE FACTURACIÓN (ex) documentación contable: asiento maior de ventas ano anterior). NO CASO DE PERSOAS AUTÓNOMAS QUE TRIBUTEN POR MÓDULOS: DECLARACIÓN RESPONSABLE DA

FACTURACIÓN REALIZADA NO ANO 2018.

- IMPOSTO DE SOCIEDADES DE SER O CASO
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE QUE A PERSOA AUTÓNOMA SOCIETARIA O É DA ENTIDADE QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN DE SER O CASO (S.L)
- ANEXO II COA REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR, NO MODELO NORMALIZADO NA SEDE ELECTRÓNICA
- ANEXO III, DEBIDAMENTE CUBERTO E ASINADO NO CASO DE SOLICITUDES FEITAS POR UNHA SOCIEDADE, NO MODELO NORMALIZADO DA SEDE ELECTRÓNICA.

**XUSTIFICACIÓN:**

AS PERSOAS BENEFICIARIAS DEBERÁN PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO NO PRAZO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, EN TODO CASO, O PAGAMENTO DOS GASTOS XUSTIFICATIVOS DESTE PROGRAMA DEBERÁN TERSE REALIZADO ATA O 31 DE DECEMBRO DO EXERCICIO.

**OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

- PERMANECER DE ALTA NO RETA OU NA MUTUALIDADE UN MÍNIMO DE DOUS ANOS DENDE A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN
- XUSTIFICAR ANTE O ÓRGANO CONCEDENTE O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E CONDICIÓNS E A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE
- SOMETERSE AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
- COMUNICARLLE AO ÓRGANO CONCEDENTE CALQUERA MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS
- ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL
- DISPOÑER DE LIBROS CONTABLES, REXISTROS DILIXENCIADOS E DEMÁIS DOCUMENTOS AUDITADOS DEBIDAMENTE
- CONSERVAR OS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS
- ADOPTAR MEDIDAS DE DIFUSIÓN ADECUADAS PARA DAR PUBLICIDADE AO FINANCIAMENTO PÚBLICO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
- PROCEDER AO REINTEGRO DOS FONDOS PERCIBIDOS NOS CASOS PREVISTOS POLA LEXISLACIÓN